

## UGT-GALICIA CELEBRA O VINDEIRO MÉRCORES EN SANTIAGO O SEU 2º COMITÉ NACIONAL

*Cadros e delegados da Organización debaterán sobre a situación actual e analizarán as propostas de cara ao futuro*

**Redacción.-** UGT-Galicia celebrará o vindeiro mércores, día 28, o seu 2º Comité Nacional, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos, que reunirá en Santiago a preto de 100 delegados e cadros do Sindicato.

No Comité debaterase sobre a situación actual, tanto no relativo á conxuntura internacional, como do resto do Estado e de Galicia.

Analizaranse as perspectivas económicas, sociais e laborais de cara aos vindeiros meses e poñeranse enriba da mesa as propostas tanto de UGT-Galicia, como de cada unha das federacións que conforman o Sindicato e dos órganos territoriais.



## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SEGURIDADE PRIVADA MOBILÍZANSE HOXE EN TODO O ESTADO EN DEMANDA DE CONDICIÓNS LABORAIS DIGNAS

*En Galicia está convocada unha concentración ás 11.00 horas diante do Parlamento (Santiago)*

**Redacción.-** “As mobilizacións ás que estamos chamadas as persoas traballadoras do sector de seguridade privada este venres – 23 de setembro – en todo o territorio, téñennos que volver levar á negociación seria e respectuosa”, apuntan dende FeSMC.

O sector da seguridade de España xógase o futuro e con el o futuro de todas as persoas profesionais que desempeñan os seus labores. Por iso, non imos deixar de denunciar a deshonesta postura da patronal da seguridade privada co modelo de sociedade e convivencia que defendemos. Postura tamén deshonestas cos propios traballadores e traballadoras porque a proposta da patronal da seguridade privada é un claro retroceso en dereitos.

Téñense que deixar de tirar os prezos mentres se mantén unha sensación falsa de seguridade. É urxente pasar dos xestos aos

feitos. Na nosa profesión non pode existir, nin podemos participar da falsa sensación de seguridade. O sector de seguridade da UGT debemos e somos claros en canto a iso.

Cada día que pasa sen negociación resúltanos máis complicado garantir a seguridade de algo ou alguén. Todo iso é debido a que cando as empresas concursan tirando os prezos, esas mesmas empresas, son incapaces de garantir os estándares de calidade e seguridade que o servizo necesita. Para maior alarma e como consecuencia directa, as propias empresas non poderán nin garantir a propia seguridade do ou a vixiante.

Temos que afrontar grandes retos. Algúns veñen derivados e impostos, mesmo, por Europa. Necesítase impulsar un regulamento para o colectivo. Non se pode seguir refugando o diálogo ante unha necesidade que reclamamos as propias persoas

traballadoras e que polo tanto somos as expertas na actividade.

Que a patronal da seguridade privada pretenda que a UGT secunde a renuncia de dereitos vixentes para o colectivo e negue a necesaria revalorización de salarios é non coñecer en absoluto ao colectivo e á nosa organización sindical. Desde o sector da seguridade privada lembramos que levamos anos reclamando a imperiosa necesidade e urxencia por alcanzar acordos para o recoñecemento e a dignificación da nosa profesión.

Por iso, e ante a insustancial proposta da patronal, no sector de seguridade da UGT témolo claro: non imos renunciar. Non imos tolerar nin un só atropelo aos nosos dereitos. Non imos tolerar nin un só atropelo á nosa profesión. A seguridade non pode ser unha materia de segunda orde.

## OS TRABALLADORES DO SIDEROMETAL DE OURENSE IRÁN Á FOLGA OS DÍAS 28 E 29 PARA DEMANDAR SALARIOS E UN CONVENIO DIGNO ANTE A ESCALADA INFLACIONISTA

**Redacción.-** O pasado martes, día 20, os traballadores do siderometal da provincia de Ourense decidiron en asemblea un calendario de mobilizacións para reclamar a negociación dun convenio digno para o sector que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos traballadores, sobre todo, nunha conxuntura de escalada inflacionista como a que se está a vivir.

Concretamente, acordouse convocar dúas xornadas de folga, os días 28 e 29 de setembro e, se a postura da patronal non muda, irase á folga indefinida a partir do 5 de outubro, así o explicaron dende UGT FICA Ourense.

Ademais, o día 29 está convocada unha manifestación que sairá ás 12.00 horas da Casa sindical e rematará na sede da CEO.

Tras un proceso negociador de máis de nove meses, a patronal segue na súa postura inicial e non acepta a suba salarial demandada polos traballadores.

A proposta de UGT FICA, xunto con CCOO e CIG, pasa por un incremento salarial do 6,5% para o 2022, do mesmo dígito para o 2023 e do 5% para o 2024, sempre con cláusula de revisión salarial que garanta o mantemento do poder de compra dos traballadores.



## UGT CELEBROU EN MÉRIDA O ENCONTRO DE MULLERES DIRIXENTES BAIXO O LEMA “O FUTURO DO EMPREGO NAS MULLERES E A IGUALDADE RETRIBUTIVA”

**UGT-Galicia participou no Encontro cunha delegación de oito compañeiras, encabezada pola secretaria de Igualdade**

**Redacción.-** UGT celebrou en Mérida os días 20, 21 e 22 o Encontro de mulleres dirixentes, nesta edición, baixo o lema “O futuro do emprego nas mulleres e a igualdade retributiva”. Ata alí viaxou, para participar no Encontro, unha delegación en representación da UGT en Galicia formada por oito compañeiras e encabezada pola secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos.

No acto de apertura a vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, destacou a importancia de retomar, despois de 11 anos, a Escola de Mulleres Dirixentes e puxo en valor os avances que se lograron desde que UGT celebrou a primeira Conferencia da Muller en 1977, cando aínda non se aprobara nin sequera a Constitución Española.

Así mesmo, fixo un repaso dos máis importantes logros alcanzados no ámbito do sindicato para incrementar a presenza e participación das mulleres no mesmo, incluíndo os cargos de dirección, e para impulsar a igualdade entre mulleres e homes a nivel xeral. Neste sentido, resaltou o labor de destacadas figuras do mundo político e sindical, entre elas, Matilde Fernández, Carmen Calvo, Inés Ayala, e Almudena Fontecha. Dixo que “vimos pelexando a igual-

dade desde hai moitísimos anos. Todos e todas debemos remar en pos desa igualdade. Pero é fundamental quen goberna e todos os avances que se produciron foron baixo a man dun goberno socialista e hai que deixalo ben claro”.

Antoñanzas salientou algúns dos temas que se trataron nesta Escola de Mulleres Dirixentes, entre eles: a importancia da negociación colectiva para impulsar a igualdade; a necesidade de abordar a clasificación dos postos de traballo, para que traballos de igual valor sexan remunerados da mesma maneira. Outro tema fundamental será como erradicar a secuela da violencia machista; o tratamento que dan os medios de comunicación a informacións que teñen que ver coa igualdade; os avances que se produciron en canto á situación das empregadas de fogar, aínda que non son suficientes e “é preciso que este goberno progresista ratifique o Convenio 189 da OIT”; ou a discriminación que sofren as mulleres, tamén, no ámbito rural.

A vicesecretaria xeral de UGT sinalou



que “aínda que somos conscientes de que se produciron moitos avances, lamentablemente, aínda hai moitas traballadoras que tardan en ver esa mellora nos seus empregos”. De aí a importancia desta Escola que debe servir para “falar, discutir, para sacar conclusións e para dicir á organización o que opinan e pensan as mulleres de UGT”.

Ao longo dos tres días organizáronse diversos talleres, mesas de debate e ponencias que impartiron e nas que participaron mulleres procedentes de diversos eidos do Sindicato e con diversas responsabilidades; representantes do eido institucional e dos medios de comunicación; e do mundo universitario.

## É NECESARIO REPENSAR A MOBILIDADE E TRANSFORMAR O SECTOR

**UGT demanda plans de mobilidade para conseguir desprazamentos sostibles, seguros e saudables nas empresas**

**Redacción.-** Onte finalizou a Semana Europea da Mobilidade 2022, dirixida a sensibilizar sobre as consecuencias negativas do uso irracional do coche na cidade, tanto para a saúde pública como para o medio ambiente, así como dos beneficios do uso de modos de transporte máis sostibles.

Esta iniciativa celébrase cada ano para partir do 16 de setembro finalizando o día 22 coa celebración do Día Europeo sen Coches, que ten como obxectivo animar aos estados membros a que apoiem iniciativas para que os cidadáns non usen o automóbil particular e realicen os seus desprazamentos de forma sostible.

UGT considera que é necesario repensar a mobilidade actual e realizar unha transformación estrutural do sector, debido a que impacta gravemente sobre o medio ambiente e a saúde humana ao ser o principal foco emisor de gases de efecto invernadoiro e xerar importantes riscos para a saúde debido a accidentes de tráfico, atascos ou contaminación acústica e atmosférica (que provoca 30.000 mortes prematuras ao ano no noso país).

### A avaliación de riscos debe valorar o risco de accidente de tráfico

O sindicato lembra que a mobilidade ao traballo supón o motivo principal de desprazamentos en áreas urbanas e metropolitanas e o coche é o modo maioritario de transporte. Por iso, demanda plans de mobilidade nas empresas para conseguir que os desprazamentos do persoal sean sostibles, seguros e saudables, cuxa planificación, desenvolvemento e execución conte coa representación das persoas traballadoras e o diálogo coa empresa.

Ademais, o sindicato lembra a importancia da seguridade nos desprazamentos, en especial daqueles relacionados co traballo xa que, en 2021, rexistráronse 65.342 accidentes laborais de tráfico, o 10,9% do total de accidentes de traballo con baixa. Morreron 216 persoas, o 29,1% dos accidentes de traballo mortais.



### Mellorar a Lei de Mobilidade Sostible

Para UGT, o anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible supón un avance para empezar a reorientar a mobilidade, por iso, realizou achegas coa idea de mellorar cuestións como a expansión do ferrocarril convencional, a loita contra a pobreza enerxética, os plans de mobilidade sostible, a dimensión territorial ou a transición xusta.

## UGT RECLAMA UNHA ATENCIÓN PRIMARIA DE CALIDADE, UNIVERSAL E ACCESIBLE PARA TODA A POBOACIÓN

**Redacción.-** A Plataforma “Salvem os a Atención Primaria”, da que UGT forma parte xunto a 115 organizacións sociais, profesionais e sindicais, fixo entrega esta semana dunha carta á ministra de Sanidade solicitando unha reunión para abordar a problemática da Atención Primaria e para reclamar medidas urxentes para poder solucionar a situación crítica na que se atopa.

Dita plataforma organízase ante a conciencia de que a Atención Primaria e Comunitaria atópase nunha situación límite e é necesario tomar medidas urxentes para garantir non só a súa supervivencia senón, sobre todo, a súa universalidade, calidade e accesibilidade.

Neste sentido, o último barómetro sanitario de xuño de 2022 sinala, entre outras cuestións, que o 65,7% das persoas que piden cita en medicina de familia conséguena despois de 48 horas, sendo o tempo medio de demora de 8,8 días, dos que o 62,5% teñen unha demora superior a 6 días; e que as citas telefónicas seguen sendo predominantes nun 71,6% (en Madrid, o día 16 de agosto dábase cita para o 14 de setembro, e só telefónica). É dicir, a accesibilidade da poboación á Atención

Primaria e Comunitaria non está garantida e realízase cunhas demoras intolerables e incompatibles co adecuado funcionamento deste nivel asistencial.

Por todo iso, a plataforma reclama medidas urxentes como: 1. Publicar periodicamente as demoras para a atención sanitaria en Atención Primaria, en medicina de familia, pediatría e enfermería, especificándose para consultas presenciais e telefónicas, así como porcentaxe de poboación que espera máis dunha semana, e que se faga para cada unha das CCAA, incorporándose aos datos do Sistema de Información de Listas de Espera do Ministerio de Sanidade.

2. Garantir o cumprimento da Acción c.1.3. do Marco Estratégico para a Atención Primaria e Comunitaria do 10 de abril de 2019 que establece: Garantir que as demandas de atención non urxentes aténdanse en menos de 48 horas, actuación a curto prazo (BOE 26/4/2019).

3. Asegurar a atención presencial naqueles casos en que así sexa solicitada polas persoas á hora de pedir cita.

4. Garantir que nos próximos orzamentos do Ministerio para 2023 dedíquese, polo menos, un 25% á Atención Primaria e Comunitaria para reforzar os cadros de persoal.

5. Mellorar as condicións laborais dos profesionais de Atención Primaria, dimensionando os cadros de persoal á realidade asistencial (médicos, enfermeiras, persoal administrativo etc.), incentivar a función titorial (MIR, EIR), definir os roles de cada perfil profesional, visibilizar o labor das unidades administrativas, a desburocratización a dixitalización das consultas, así como a incentivación real dos postos de difícil cobertura. Sen esquecer no empoderamento da Atención Primaria medidas eficaces fronte ás agresións crecentes.

6. Aumentar as prazas nas convocatorias de formación sanitaria especializada naquelas prazas MIR e EIR relacionadas coa Atención Primaria, eliminando as restricións de acceso ás mesmas.

Para UGT, é necesario que estas medidas se adopten de maneira urxente para garantir unha Atención Primaria e Comunitaria de calidade, universal e accesible para toda a poboación.

## É PRIMORDIAL MELLORAR A PROTECCIÓN FRONTE Á EXPOSICIÓN AO RADÓN

**UGT reclama a transposición total da Directiva Europea, medir a exposición ao gas nos centros de traballo e potenciar a acción da Inspección**

**Redacción.-** A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, interveu no II Congreso Nacional de Radón onde abordou a importancia da prevención de riscos laborais na exposición ao gas radon, recoñecido como canceríxeno e causante de ao redor de 1.500 mortes ao ano en España.

Ana García de la Torre explicou que, segundo a Organización Mundial da Saúde, “entre o 3 e o 14% das mortes por cancro de pulmón están relacionadas co radón, pero existe un gran descoñecemento dos perigos da exposición no ámbito laboral”.

Ademais, García de la Torre criticou que o prazo para traspoñer ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/59/EURATOM para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes “finalizou o 6 de febreiro de 2018” e que, por iso, “a Comisión Europea expedientou a España a finais de 2019, pero a día de hoxe continuamos sen transposición total”.

A secretaria de Saúde Laboral de UGT valorou que por fin haxa un proxecto de transposición da Directiva que supón mellores porque “obriga a elaborar un Plan Nacional de Radón que estableza, entre outras cousas, a medición deste gas nos postos de traballo, para o efecto de avaliar a exposición e poder adoptar as medidas preventivas ou que o límite de exposición ofrece unha maior protección para as per-

soas traballadoras que o recollido polo Real Decreto 783/2001, vixente en España”.

Ana García de la Torre advertiu de que “non realizar medicións nos postos de traballo, provoca que, moitos casos de cancro de orixe laboral, causados pola exposición ao radón, non sexan identificados como contingencia profesional, xa que se non se avalía o risco é coma se este non existise ante os ollos da prevención de riscos laborais”.

### **A acción sindical debe dotar de ferramentas aos delegados e delegadas**

Neste sentido, sinalou que é necesario “mellorar a protección das persoas especialmente sensibles á exposición ao gas radon (art. 25 LPRL), a través da determinación da dose á que poden estar expostos ou mellorar a protección ás traballadoras embarazadas ou en período de lactación, así como reducir a 200 Bq m<sup>3</sup> en termos da media anual de concentración de radón no aire, o nivel de exposición, tanto para as vivendas ou os edificios de acceso público, como para os lugares de traballo”.



Ademais, é fundamental potenciar a Inspección de Traballo e Seguridade Social, é esencial que o Consello de Seguridade Nuclear subscriba convenios de colaboración coa Inspección porque esta non ten competencias”.

Tamén podería mellorar “a participación dos axentes sociais no Comité do Plan Nacional contra o Radón, -xa que son parte do obxecto desta normativa- e que o asesoramento técnico en materia de seguridade e saúde no traballo respecto á exposición laboral ao gas radón se realice a través do INSST, que é o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado, que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesma”.

## UGT RECLAMA POLÍTICAS EXPANSIVAS PARA AFIANZAR O CRECEMENTO ECONÓMICO E O EMPREGO

**Redacción.-** Os datos de Contabilidade Nacional Trimestral do segundo trimestre do ano mostran un crecemento interanual do PIB do 6,8%, 5 décimas máis que o avanzado o pasado 29 de xullo. En termos trimestrais aumenta un 1,5%, 1,7 puntos superior á taxa rexistrada no primeiro trimestre. Con todo, a pesar de que se confirman uns resultados favorables, mostran unha desaceleración da demanda interna (achegan ao PIB 1,9 puntos menos que no primeiro trimestre) e seguen situándose por baixo das expectativas de crecemento realizadas meses atrás.

A prolongación da invasión rusa a Ucraína segue xerando unha enorme incerteza económica e social, avivando a crise enerxética e intensificando a espiral inflacionista

de prezos. Neste contexto, a progresiva elevación das marxes de beneficios empresariais contrasta cuns salarios que perden poder adquisitivo mes a mes.

Pola súa banda, a subida dos tipos de interese por parte do BCE tampouco resulta unha noticia esperanzadora. Máis aló de partir dunha estratexia errónea, recortará a dispoñibilidade de recursos por parte dos fogares e moitas pequenas empresas.

En consecuencia, desde o sindicato defendemos firmemente que non é o momento de baixar a garda, nin de dar un paso atrás, na senda de recuperación económica e social. Por iso, debemos insistir en políticas de orientación expansiva, que reforcen a actividade económica e a creación de em-

prego e eviten, á súa vez, a apertura de novas brechas de desigualdade.

Para iso, UGT reclama actuacións en tres sentidos. En primeiro lugar, debemos seguir reforzando o noso estado de benestar, polo que os próximos Orzamentos Xerais do Estado deben incorporar un aumento xeneralizado do gasto nas partidas de política social. En segundo lugar, debemos impulsar un incremento dos salarios das persoas traballadoras, para o que é necesario un novo AENC e un incremento do SMI.

Por último, UGT considera esencial implementar medidas temporais que combatan o incremento descontrolado do prezo de moitos produtos básicos para as familias.